



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A VIXILANCIA DAS CARRACHAS VECTORES DE ENFERMIDADE HUMANA E ANIMAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que a Consellería de Sanidade formalizou coa Consellería do Medio Rural e maila Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura aata o día 30/04/2024, podendo ser prorrogado expresamente polas partes.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Consellería de Sanidade, a Consellería do Medio Rural e a USC para a prestación do apoio técnico-científico e desenvolvemento das actividades relacionadas coa vixilancia e control de carrachas vectores de enfermidades en Galicia.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

No marco das competencias atribuídas á Consellería de Sanidade e á Consellería do Medio Rural, é unha función esencial, dentro da misión das Direccións Xerais de Saúde Pública (DXSP) e de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias (DXGAIA), o desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse asociados aos determinantes da saúde, tanto humana como animal. Entre estas actuacións atópase a vixilancia das carrachas vectores de enfermidades como poden ser a anaplasmose, febre Q, enfermidade de Lyme, febre exantemática mediterránea, erliquiose, etc

Os datos publicados están a indicar que, tanto en Europa como en América do Norte, as carrachas están a expandirse cara ao norte en latitude e que se atopan cada vez en altitudes máis elevadas. Estímase que o cambio climático é un dos impulsores desta expansión, en especial das pertencentes ao xénero Ixodes. Ademais, con motivo do cambio climático, especies de carrachas, que neste momento parece que non se atopan en Galicia, poderían introducirse e instalarse e, con iso, favorecer a aparición de casos autóctonos de enfermidades das que, actualmente, non temos casos, como é a febre hemorráxica de Crimea-Congo, non obstante, nin a Consellería de Sanidade, nin a do Medio Rural dispoñen de expertos para levar a cabo a tarefa de identificación e determinación de densidades das diferentes especies destes ectoparásitos.

Con motivo do anterior convenio asinado en maio de 2018 houbo achados relevantes, como a distribución norte-sur das diferentes especies de carrachas que interveñen na transmisión de diferentes enfermidades humanas e animais, así como a detección de carrachas do xénero Hyalomma no oriente de Ourense e na parte sur-oriental de Lugo.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

